

**COSPEITO***Anuncio*

O Pleno do Concello de Cospeito en sesión ordinaria celebrada o día 2 de xullo de 2009 acordou a aprobación inicial do "regulamento de réxime interior da escola infantil municipal do Concello de Cospeito" e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 711985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 78111986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e preséntense as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o devandito acordo.

En Cospeito, a 10 de xullo de 2009.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 04191

*Anuncio*

O Pleno do Concello de Cospeito en sesión ordinaria celebrada o día 2 de xullo de 2009 acordou a aprobación inicial do "regulamento do servizo de axuda a domicilio do Concello de Cospeito" e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 711985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 78111986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e preséntense as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o devandito acordo.

En Cospeito, a 10 de xullo de 2009.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 04192

**LUGO***Anuncio*

Por medio do presente faise público que o tenente de Alcalde delegado da Área de Economía, Emprego e Zona Rural mediante Decreto da Alcaldía número 97 1 2009 do Libro de Resolucións en materia de contratación-fomento do día 24 de xullo de dous mil nove. RESOLVEU:

"PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2009 de subvencións para financiar parcialmente o alugueiro de vivenda destinada a domicilio habitual dos residentes no termo municipal de Lugo de conformidade coas bases establecidas no presente procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aproba-lo gasto de 95.000 euros a que ascende o importe total das subvencións que serán aboadas pola empresa municipal EVISLUSA.

TERCEIRO.- A presente convocatoria rexeráse polo establecido nas seguintes

**BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O ALUGUEIRO DE VIVENDAS EN LUGO- EXERCIZO 2009.-**

PRIMEIRA.- Obxecto das axudas.

1. O obxecto das presentes bases é establecer e regular un programa de axudas para financiar parcialmente o aluguer de vivenda destinada a domicilio habitual dos residentes no termo municipal de Lugo, nas condicións que nelas se establecen, coa finalidade de contribuir a facilitar o acceso á vivenda a aquelas persoas que se atopen nunha situación socioeconómica que lles dificulte ou imposibilite exercer este dereito recoñecido na Constitución Española.

2. As axudas que se outorguen ó abeiro da presente convocatoria teñen carácter de subvención, a súa concesión efectuaráse en réxime de concorrencia competitiva, e a convocatoria rexeráse polas presentes bases, polas normas establecidas na Lei 912007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, Lei 3812003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 88712006 de 21 de xullo polo que se aprobou Regulamento de desenvolvemento da dita Lei e na Ordenanza Municipal Reguladora da Concesión de Subvencións.

SEGUNDA.- Entidade colaboradora.

1.- A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) actuará como entidade colaboradora, conforme ó disposto nos artigos 9 da Lei 912007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e os artigos 12, 15 e 16 da Lei 3812003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e concordantes da ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

2.- O Concello e a entidade colaboradora subscribirán un convenio de colaboración no que se establecerán as condicións e obrigacións asumidas por EVISLUSA na xestión e pago das axudas, de acordo co disposto nas ditas Lei e Ordenanza.

TECEIRA.- Beneficiarios.

1. Poderán solicitar estas axudas os arrendatarios/as de vivendas persoas físicas, que vivan soas ou formen parte dunha unidade familiar ou de convivencia, con contratos vixentes na data de presentación da

solicitude ou compromiso de novo arrendamento e que cumpran os requisitos fixados nestas bases.

2. As axudas de aluguer diríxense, con carácter prioritario, a satisfacer as necesidades de vivenda das persoas incluídas nos seguintes colectivos:

1. Pensionistas e beneficiarios de prestacións sociais.

2. Inmigrantes e emigrantes retornados sempre que a data de regreso se realizase nos últimos dous anos inmediatamente anteriores a data da publicación da presente convocatoria no diario oficial de Galicia.

3. Mozos e mozas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos de idade, ambos inclusive

4. Familias monoparentais con cargas familiares non compartidas.

5. Persoas discapacitadas cunha minusvalía superior ó 33%

6. Mulleres vítimas de violencia de xénero.

7. Mulleres e homes separados/as ou divorciados/as con problemática de acceso a vivenda derivada da ruptura da unión familiar.

8. Persoas maiores de 65 anos que convivan con menores de 35 anos aínda que non sexan dunha mesma unidade familiar.

9. Persoas que con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2009 se atopan en situación legal de desemprego segundo o establecido no artigo 208 do Real Decreto Lexislativo 111994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Seguridade Social.

10. Persoas que con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2009 deixaron de percibir prestación por desemprego, nivel asistencial, e figuran inscritas no INEM.

CUARTA.- Requisitos que deberán reunir os solicitantes.

1. Os solicitantes de axudas de aluguer haberán de cumprir e acreditar os seguintes requisitos:

a) Ser maior de 18 anos.

b) Residir e estar empadroados tódolos membros da unidade familiar ou de convivencia no termo municipio de Lugo. O solicitante deberá estar empadroado cunha antigüidade mínima de seis meses anteriores á data da solicitude. Consideraranse asimilados a residentes os solicitantes que foran antigos residentes que, por motivos económicos/laborais, se viran obrigados a abandonar o municipio de Lugo tras ter residido nel durante un tempo continuado non inferior a 10 anos, e desexen retornar a este municipio.

Con independencia do certificado de empadramento a vivenda para a que se solicita a axuda deberá constituir residencia habitual, en relación a dito extremo o

solicitante achegará declaración xurada, se ben a entidade colaboradora se reserva a posibilidade de levar a cabo as comprobacións pertinentes en colaboración co Servizo Municipal de Estatística.

No caso de compromiso de novo aluguer, declaración xurada de que se vai a destinar a vivenda habitual.

c) Que ningún membro compoñente da unidade de convivencia posúa vivenda da súa propiedade en Lugo nin sexa titular de ningún dereito real de uso ou disfrute dunha vivenda que reúna as debidas condicións para ser habitada en Lugo. En caso contrario deberá acreditar a imposibilidade de utiliza-la vivenda.

d) Que non exista facinamento na vivenda.

e) Que a suma dos rendementos netos anuais de calquera natureza (rendementos do traballo persoal, actividades económicas, pensións, etc.) que a unidade familiar ou de convivencia obtivera no exercicio anterior, non sexa inferior a 0,5 veces o índice público de rendas de efectos múltiples (IPREM) de dito exercicio, nin supere dúas veces o dito índice, agás nos perceptores de prestacións sociais periódicas tales como: (prestacións por desemprego: proteccións nivel contributivo e nivel asistencial, PWC, Renda Activa de Inserción, salario da liberdade ou RISGA (Renta de Integración Social de Galicia), etc. nos que o mínimo será o importe destas prestacións no exercicio correspondente.

Os beneficiarios que accedan a presente axuda conforme o parágrafo 10 estarán exentos dos mínimos exixidos sempre que a unidade familiar da que formen parte careza de rendementos.

Os ingresos derivados das rendas de capital non poderán superar, no seu conxunto, a cifra de 601 euros anuais.

f) Que o solicitante estea ó corrente de pagos de impostos, taxas, contribucións especiais e sancións do Excmo. Concello de Lugo, de Facenda do Estado e da Comunidade Autónoma e da Tesourería da Seguridade Social.

g) Ningún membro da unidade familiar ou de convivencia poderá recibir subvención nin axuda económica pública ou privada en concepto de vivenda mentres estea percibindo a de este programa.

h) Que entre o arrendador e calquera dos membros da unidade familiar ou de convivencia beneficiaria da axuda non exista relación de parentesco hasta o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade, inclusive.

i) Que o solicitante non se atope incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións públicas, contempladas no artigo 13 da Lei 3812003, Xeral de Subvencións.

j) Para os solicitantes incluídos no colectivo de xóvenes, tódolos membros da unidade familiar ou de

convivencia deberán ter unha idade comprendida entre os 18 e 35 anos de idade, ambos inclusive.

2.- Ós efectos deste programa enténdese por unidade familiar ou de convivencia:

1).- A formada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber, os seus descendentes e ascendentes que convivan habitualmente ou colaterais en segundo grao que convivan habitualmente. Asimesmo considerarase unha unidade de convivencia a estes efectos a formada por unha persoa menor de 35 anos e unha persoa maior de 65 que convivan habitualmente.

2).- Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial acreditada mediante inscrición no Rexistro Municipal de Parellas de Feito, a formada polos respectivos titulares das ditas unións familiares ou de convivencia, cos seus descendentes e ascendentes, en iguais termos aos enunciados na regra a) deste programa de axudas.

3).- As persoas maiores de idade integradas nunha unidade familiar ou de convivencia que manifesten o seu desexo de independizarse e acrediten capacidade económica propia nos termos exixidos por este programa de axudas ó alugueiro de vivenda.

3.- Non poderán solicitar a axuda para alugueiro de vivenda os beneficiarios desta subvención na convocatoria correspondente ó ano 2008.

QUINTA.- Requisitos que deberán cumprir as vivendas.

1. A vivenda alugada deberá estar situada no termo municipal de Lugo, incluídos os barrios rurais.

Non poderán ser obxecto de axuda:

a) As vivendas de protección oficial de promoción pública.

b) Os subarrendos.

c) Os alugueiros de habitacións.

d) Os locais usados como vivenda

2. O custo do aluguer da vivenda non poderá superar os 350 euros/mes, quedando excluídos do concepto de aluguer os seguintes gastos:

a) Os de comunidade e administración.

b) Os de contribucións especiais, taxas e impostos, aínda que figuren no contrato.

c) Os de garaxe e anexos, electrodomésticos, útiles e mobiliario.

d) Os de gas, auga, electricidade e calefacción.

e) Os correspondentes ás reparacións que, conforme a Lei ou a contrato, teña que efectuar na vivenda o titular do arrendamento.

Os gastos incluídos nas cinco letras precedentes non poderán ser incluídos no importe fixado como renda da vivenda e, polo tanto, non serán subvencionados.

En tódolos casos, os contratos de aluguer deberán aterse, en canto a súa duración, ó estipulado na Lei 29/1994 de arrendamentos urbanos.

3. A vivenda deberá contar, alomenos, coas seguintes condicións de habitabilidade:

. Cociña en uso, con fonte de alimentación eléctrica ou calquera tipo de gas, axeitadamente equipada.

. Carto de baño con ducha ou bañeira.

. Sistema de auga quente en funcionamento e dando servizo o carto de baño e cociña.

. Instalación eléctrica en uso e a 220 voltios, co seu boletín correspondente. Se dispón de instalación de gas, deberá ter o boletín correspondente.

. Dispoñer de auga corrente, mediante contrato de subministro concertado co Concello de Lugo, se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.

. Saneamento con vertido a rede xeral, se atopase dentro da área de prestación do servizo municipal de sumidoiro.

. Ventilación á rúa.

- Demais requisitos establecidos no criterios de desexo establecidos polo anexo ó Decreto 240139, de 19 de outubro sobre habitabilidade das vivendas e demais normativa de aplicación.

SEXTA.- Contía e duración das axudas. Criterios de outorgamento e a súa ponderación.

O presuposto para esta finalidade é de 95.000 euros con imputación á partida 8210.44409, distribuídos por colectivos ata o importe máximo que se sinala:

a) Pensionistas : 10% - 9.500 euros

b) Inmigrantes e emigrantes retornados: 30% - 28.500 euros

c) Xóvenes con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos de idade, ambos inclusive: 10% - 9.500 euros.

d) Familias monoparentais con cargas familiares non compartidas: 5% - 4.750 euros.

e) Persoas discapacitadas con minusvalía superior ó 33 %: 5% - 4.750 euros

f) Mulleres vítimas de violencia de xénero: 5% - 4.750 euros

g) Mulleres e homes separados ou divorciados/as con problemática de acceso a vivenda derivada da ruptura da unión familiar: 5% - 4.750 euros

h) Persoas maiores de 65 anos que convivan con menores de 35 anos aínda que non sexan dunha mesma unidade familiar: 5% - 4.750 euros

i) Persoas que con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2009 se atopen en situación legal de desemprego segundo o establecido no artigo 208 do Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Seguridade Social. 15%- 14.250 euros.

j) Persoas que con posterioridade ó 1 de xaneiro de 2009 deixaron de percibir prestación por desemprego, nivel asistencial, e figuran inscritas no INEM.

10% 9.500 euros

Para os casos nos que exista sobranse de crédito nalgún colectivo este destinarase a incrementa-los importes das contías dos outros colectivos pola orde de prioridade sinalada na cláusula terceira.

2. As axudas de aluguer, cumpridos os requisitos esixidos, concederanse de conformidade ás contías e porcentaxes que a continuación se citan:

A contía para cada caso fixarase en función do cálculo que se efectúe sobre os ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC), de conformidade coa táboa prevista nestas bases. Para esta ponderación tomarase como base a declaración de ingresos (DI) aportada polo solicitante en cumprimento do artigo 7 destas bases. Esta cantidade ponderarase atendendo ó número de membros da unidade de convivencia e circunstancias dos mesmos, aplicando os seguintes coeficientes, de xeito sucesivo e acumulativo:

1. Número de membros da unidade de convivencia. (MUC).

- Dous membros: 0,95.
- Tres ou máis: 0,90.

2. Número de descendentes da unidade de convivencia (DUC).

- Un ou dos descendentes: 0,95.
- Tres ou máis descendentes: 0,90.

3. Número de ascendentes da unidade de convivencia: (AUC).

- Un ascendente: 0,95.
- Dous ou máis ascendentes: 0,90.

4. Familias monoparentais con cargas familiares (CF).

- Unha ou dúas persoas: 0,95.
- Tres ou máis persoas: 0,90.

De conformidade có especificado no apartado ante-

rior, o cálculo dos ingresos ponderados da unidade de convivencia (IUC) expresarase na seguinte fórmula:

$$IUC = DI \times MUC \times DUC \times AUC \times DIUC \times CF$$

De acordo cós ingresos ponderados da unidade de convivencia, a contía da axuda verá determinada pola seguinte táboa, tendo como referencia o Índice Público de Rendos de efectos múltiples ( IPREM) do exercicio do 2009 ó que se refiren os ingresos e o prezo do aluguer da vivenda:

IUC	Subvención (% sobre o prezo de aluguer da vivenda)	
<b>Ata</b>	1 vez o IPREM	Máximo 50%
Entre	1,001 e 1,100 veces o IPREM	"" 40%
Entre	1,101 e 1,400 veces o IPREM	"" 30%
Entre	1,401 e 1,7012 veces o IPREM	""20%
Entre	1,702 ata 2 veces o IPREM	10 %

Unha vez avaliados os ingresos e determinado o importe de subvención que corresponde a cada solicitante, a adxudicación da axuda individual dentro de cada colectivo destinatario e ata o tope máximo sinalado farase primando dentro de cada un dos colectivos primeramente os de menos ingresos sobre os de maior número de ingresos e en segundo termo os que teñan maior número de menores a cargo ou maiores dependentes.

Para os casos nos que o solicitante sexa susceptible de incluírse en varios dos colectivos beneficiarios aplicarase o que sexa máis beneficioso para o solicitante.

En calquera caso, o total da subvención non poderá superar o 50% do importe de aluguer mensual da vivenda.

**SÉTIMA .-** Duración da concesión.

A subvención concederase por un período máximo de doce meses, con efectos dende o día do outorgamento da axuda.

**OITAVA.-** Revisión e revogación das axudas.

A situación socio-económica da unidade familiar do beneficiario da axuda poderá ser revisada durante o período da concesión da mesma, cancelándose automaticamente as axudas concedidas ós beneficiarios que, na revisión realizada, non cumpran os requisitos establecidos neste programa, ou cando se detecte contradicción entre a situación observada e a manifestada que motivou a concesión da axuda.

**NOVENA.-** Documentación. Forma e prazo de presentación das solicitudes.

1.- A convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no

taboleiro de anuncios e na paxina web do Concello de Lugo, e as solicitudes, en modelo oficial, se presentarán no rexistro de EVISLUSA, no do Concello de Lugo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4, letras b) e c) da Lei 3011992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dentro dos 20 DÍAS NATURAIS seguintes á publicación no Diario Oficial de Galicia.

2.- As solicitudes haberán de ser acompañadas dos seguintes documentos:

- Certificado de empadronamiento e convivencia do solicitante.

- Fotocopia do D.N.I., ou do pasaporte e permiso de residencia no caso de ser estranxeiro, do solicitante e dos membros da unidade familiar ou de convivencia maiores de 14 anos.

- Fotocopia do/dos libro/s de familia, ou certificado de nacemento dos menores de 14 anos.

- Certificación ou xustificante que acredite o abandono do municipio, se é o caso.

- Declaración responsable ante a autoridade administrativa (Alcalde, concelleiro/a delegada, etc.) ou ante notario na que se faga constar que non se atopa inhabilitado nin incurso ou afectado en ningunha das prohibicións para obter subvencións públicas, previstas no artigo 10 da Ley 712003 de 13 de xuño de subvencións de Galicia nin o artigo 13 da Lei 3812003, xeral de subvencións

- Xustificantes de ingresos referidos a tódolos membros da unidade familiar:

- \* Copia da declaración sobre o IRPF (imposto sobre a renda das persoas físicas) de tódolos membros da unidade de convivencia ou certificado da correspondente Delegación ou Administración de Facenda de non ter a obriga de presentala.

- \*Para aqueles membros da unidade familiar empregados: contrato de traballo e as últimas seis nóminas.

- No caso de separación ou divorcio: sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador, ou medidas paternofiliais

- No caso de desempregados:

Beneficiarios de prestación:

Certificación do INEM (Instituto Nacional de Empleo) das prestacións percibidas durante os 6 meses anteriores á data de presentación da solicitude ou certificación do INEM de non percepción de prestacións dos membros da unidade familiar maiores de 16 anos.

Non beneficiarios:

Certificación de que non recibe prestacións

Certificación de inscrición nas oficinas do INEM

As certificacións deberán solicitarse na oficina do INEM que lle corresponda.

- No caso de pensionistas: Certificación acreditativa das cantidades percibidas polo interesado nos 6 meses anteriores á data de presentación da solicitude. No caso de non percibir pensión e ser maior de 65 anos, certificación negativa de non percepción de pensión expedida pola Seguridade Social.

- No caso de retornados: Copia dos ingresos percibido~no estranxeiro dentro del período dos 6 meses anteriores á data da solicitude ou declaración xurada.

- No suposto de empregados de fogar ou situacións asimiladas: escrito do empregador debidamente cumprimentado, segundo o modelo facilitado por EVISLUSA.

- No suposto de arrendamento en vigor:

- O contrato de arrendamento completo e vixente á data de presentación da solicitude.

- Fotocopia dos seis últimos recibos da renda. No caso de vir incluídos no importe do aluguer todos ou algúns dos gastos a que se refire a base cuarta, parágrafo 2 da presente convocatoria, xustificantes do Presidente da Comunidade elou do arrendador desglosando do aluguer os gastos non subvencionables.

- Fotocopias dos últimos recibos de suministros de luz, agua e gas natural.

- No suposto de novo arrendamento:

- Documento acreditativo do propietario ou administrador da vivenda que tramite o arrendamento no que consten os datos referentes o arrendador, ubicación da vivenda, o importe mensual ou anual da renda, sen incluír os gastos non subvencionables e os gastos que suporía a formalización do contrato de aluguer.

- Declaración xurada do solicitante de non ter débeda pendente coa Facenda Estatal, Autonómica nin municipal nin coa Seguridade Social.

- Declaración xurada que non foi obxecto de deshaucio, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de aluguer dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.

- Declaración xurada de non ter co arrendador relación de parentesco hasta o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade, inclusive.

- Declaración xurada de non posuír ningún membro da unidade familiar ou de convivencia vivenda en propiedade no Concello de Lugo nin ser titular de dereito real de uso e desfrute de vivenda. En caso contrario acreditarse a imposibilidade da súa utilización.

- Declaración xurada de que a vivenda para a que se solicita a axuda constitúe ou vai a constituir vivenda habitual.

- As persoas que padezan unha minusvalía presentarán fotocopia do certificado onde se recoñeza a mesma igual ou superior ó 33%

- Orde de protección, orde de alexamento ou resolución xudicial acreditativa de que a solicitante é vítima de violencia de xénero se é o caso.

- Aqueloutros documentos que se consideren necesarios.

3.- A presentación das solicitudes de subvención suporá a aceptación das presentes bases polos interesados.

**DÉCIMA.-** Procedemento de concesión. Órganos de avaliación, resolución e seguimento.

1.- Presentadas as solicitudes, EVISLUSA comprobará que a documentación estea completa, e se faltase algunha ou esta fose defectuosa, requirirase ó solicitante para que no prazo de dez días hábiles achegue os documentos ou subsane as deficiencias, con apercibimento de que se non os aportase ou subsanase, archivarase a solicitude.

2.- Rematado o prazo de admisión de solicitudes e de aportación de documentación solicitada, EVISLUSA, no prazo dun mes, fará a inspección técnica das vivendas para informar sobre a súas condicións de habitabilidade e realizará os Informes previos de valoración dos ingresos ponderados, segundo as presentes bases, e calculará a contía da axuda que corresponde.

3.- A continuación, as solicitudes de axuda serán valoradas por unha Comisión de Avaliación integrada polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde-Presidente do Consello de Administración ou concelleiro en que delegue.

Vogais: Un concelleiro por cada un dos grupos municipais.

- A Concelleira de Muller e Benestar Social.

- A Directora Xerente de EVISLUSA, con voz e sen voto.

- O arquitecto da Empresa Municipal de Vivenda de Lugo, con voz e sen voto.

- Unha traballadora social do Concello, adscrita á Área de Muller e Benestar Social.

- Un funcionario/a de Admón. Xeral do Concello, adscrita ó servizo de Muller e Benestar Social, que actuará de Secretario/a da Comisión, con voz e sen voto.

Correspóndelle a esta Comisión de avaliación a realización das seguintes tarefas:

a) Coñecer as solicitudes presentadas.

b) Coñecer os informes previos de EVISLUSA sobre as vivendas, a valoración de ingresos e as contías de axudas posibles.

c) Requirir documentación ou informes complementarios.

d) Realizar proposta motivada de resolución e lista de substitución por si fose necesario substituír algunha axuda.

Unha vez realizado o Informe pola Comisión Avaliadora, a unidade administrativa elevará a proposta de resolución ao órgano competente en consonancia co informe da Comisión.

4.- O concelleiro de Muller e Benestar Social, dentro dos dous meses seguintes ó da emisión do informe pola Comisión Avaliadora, resolverá o procedemento e, consecuentemente, as solicitudes de subvención, resolución que se motivara nos termos previstos no artigo 29 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, contado a partir da publicación no Diario Oficial de Galicia. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

5.- A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso ante o órgano que a dictou ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

6.- Unha vez notificada a resolución ó beneficiario deberá comunicar por escrito a súa aceptación a EVISLUSA para iniciar os pagamentos. Se o beneficiario non respondese no prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte hábil ó da notificación da resolución, estimarase que desiste da axuda e concederase ó seguinte da lista de substitución elaborada pola Comisión de Avaliación.

**UNDÉCIMA-Pagamento das subvencións. Xustificación.**

1. A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A., transferirá ó beneficiario da axuda o importe da axuda concedida durante o tempo de vixencia da mesma e levará un libro contable específico por cada axuda e para a totalidade do programa.

2. Para proceder ó abono da subvención, o seu beneficiario deberá entregar nas oficinas de EVISLUSA, antes do día 10 de cada mes, o orixinal da transferencia bancaria ou o documento de pago realizado ó propietario en concepto de aluguer mensual da vivenda. Se transcorrido o citado prazo, non se tivera

aportado o xustificante correspondente, perderase o dereito a que lle sexa aboada a subvención dese mes, salvo causas de forza maior debidamente xustificadas.

Solo se considerarán válidos os xustificantes nos que se acredite o pago da totalidade do aluguer mensual, con indicación do titular da subvención, propietario da vivenda, concepto, mensuralidade e prezo de aluguer.

DUODECIMA-causas de revogación e reintegro da axuda e incompatibilidade con outras axudas.

1. Procederá a revogación da subvención e o reintegro, total ou parcial das cantidades percibidas, ademais da esixencia do xuro legal que resulte da aplicación dende o momento do abono da subvención, cando concorra algunha das circunstancias que se detallan a continuación:

a) A aportación de datos falsos que induzan a error na documentación presentada e na correspondente resolución.

b) O incumprimento das obrigas estipuladas na base duodécima.

c) A falta de aportación do correspondente xustificante de abono da renda mensual de aluguer durante tres mensuralidades consecutivas ou seis alternas.

d) En xeral, o incumprimento de calquera outra estipulación ou obriga contida nas presentes bases, ou na ordenanza municipal do Concello de Lugo reguladora da concesión de subvencións.

2. As presentes axudas son incompatibles con calquera outras axudas polo mesmo concepto .

DÉCIMOTERCEIRA- Obrigas das partes.

As partes intervinientes no programa de axudas de aluguer, adquirirán os seguintes compromisos:

1. Dos beneficiarios

Os beneficiarios das axudas de aluguer asumirán os seguintes compromisos:

a) Aboar mensualmente ó arrendador a renda que se haxa establecido.

b) Destinar a vivenda a enderezo habitual e permanente.

c) Autorizará EVISLUSA a inspección da vivenda co fin de comprobar o uso axeitado da mesma.

d) Mantemento da vivenda en condicións axeitadas de hixiene e salubridade.

e) Comunicar a EVISLUSA, por escrito ou en persoa, calquera cambio nos datos aportados para a concesión da subvención que dará lugar á revisión da mesma. O incumprimento desta información dará lugar á suspen-

sión da axuda e á devolución das cantidades aboadas por este concepto.

f) Comunicar a EVISLUSA calquera variación no número de persoas que se aloxan na vivenda.

g) Manterse ó corrente de pagos de tributos (impostos, taxas, contribucións especiais), prezos públicos e sancións do Concello de Lugo.

h) O arrendatario non poderá subarrendar a vivenda nin aluguer habitacións da mesma.

i) Aportar calquera documentación necesaria, e que fose requirida polo Concello ou EVISLUSA para o seguimento da subvención.

j) Unha vez alugada a vivenda, tódolos seus membros da unidade de convivencia deberán proceder á actualización do seu empadramento.

k) Dispoñer dunha conta bancaria ó obxecto de percibir as transferencias correspondentes en concepto de subvención.

2. Do Concello

O Concello, a través da entidade colaboradora EVISLUSA, comprométese a cumprir as seguintes obrigas:

a) Aboar mensualmente ó beneficiario da axuda a cantidade aprobada como axuda ó alugueiro.

b) Aboar ó arrendador dunha soa vez e polo importe máximo de tres meses da renda establecida, os impagos de aluguer que poidan producirse e que foran postos en coñecemento da Emwresa nun prazo máximo de 15 días dende a data do último vencemento do recibo impagado dentro do prazo de vixencia da axuda.

DECIMO CUARTA- Xestión e xustificación das subvención~control das subvencións, infraccións e sanción~.

Para o non previsto nestas bases estarase ó dispoñible nos artigos 30 a 40, ámbolos dous incluídos, da ordenanza municipal reguladora da concesión de subvención~e na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia e na Lei 3812003, xeral de subvencións.

DECIMOQUINTA- Recursos. Os interesados poderán interpoñer contra as presentes bases recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que lles preste a súa aprobación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado de Lugo da dita Xurisdicción, contándose ámbolos dous prazos dende o día seguinte ó da publicación das bases no Diario Oficial de Galicia.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.-

Autorízase a publicación de materiais informativos e divulgativos deste programa de fomento da vivenda en aluguer.

**ANEXOS****CONCELLO DE  
LUGO**

Nº expediente	
Grupo beneficiario	

**SOLICITUDE DE AXUDA O ALUGUEIRO DE VIVENDA.****1. DATOS DO SOLICITANTE.**

Nome	Apelidos	DNI ou NIF

**2. DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN.**

Domicilio			
Localidade:	CP:	Teléfono:	

**3. SOLICITUDE.**

<b>MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA</b>				
Nome e Apelidos	Parentesco	Estado civil	Data nacemento	D.N.I.



DECLARA, baixo xuramento, que non optou a outras axudas concedidas por Organismos Oficiais para adquisición ou alugueiro de vivenda e que non é beneficiario de ningún outro programa público ou privado de axudas ó alugueiro de vivendas .

DECLARA que non foi obxecto de deshaucio, lanzamento ou denegación de renovación de contrato de aluguer dunha vivenda de titularidade pública nos últimos cinco anos.

DECLARA que ningún membro da unidade familiar ou de convivencia ten relación de parentesco ata o cuarto grao de consanguinidade ou afinidade, inclusive co arrendador da vivenda.

DECLARA que a vivenda está en boas condicións de habitabilidade e reúne os requisitos esixidos nestas bases para as vivendas.

DECLARA que a vivenda para a que se solicita a axuda constitúe a vivenda habitual.

DECLARA que o solicitante non ten débedas pendentes coa Facenda Estatal, Facenda Galega nin co Concello así como tampouco débeda pendente coa Seguridade Social.

DECLARA que non se atopa inhabilitado nin incurso en ningunha das prohibicións para a obtención da subvención previstos no artigo 10 da ley 912007 de 13 de xuño de Subvencions de Galicia nin on artigo 13 da Lei 3812003 xeral de subvencións.

DECLARA que ningún membro da unidade familiar ou de convivencia posúe vivenda en propiedade no Concello de Lugo nin ser titular de dereito real de uso e desfrute de vivenda.

DECLARA que os datos expresados nesta solicitude son certos, polo que se fai responsable das inexactitudes ou erros que conteña.

Autorizo expresamente ó Concello de Lugo a comprobar das diferentes Administracións Públicas ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas. ( DEBERÁN ASINAR TÓDOLOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR OU DE CONVIVENCIA)

Lugo, a .....de.....de 2009.

(Sinatura do solicitante / e tódolos membros da unidade familiar ou convivencia)

## DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

- Certificado de empadronamiento e convivencia do solicitante.
- Fotocopia del D.N.I., ou do pasaporte e permiso de residencia no caso de ser estranxeiro, do solicitante e dos membros da unidade familiar maiores de 14 anos.
- Fotocopia del/los libro/s de familia, o certificado de nacemento dos menores de 14 anos.
- Certificación ou xustificante que acredite o abandono do municipio, se é o caso.
- Declaración responsable ante a autoridade administrativa (Alcalde, concelleiro/a delegado/a, etc.,) ou ante notario na que se faga constar que non se atopa inhabilitado nin incurso ou afectado en ningunha das prohibicións para obter subvencións públicas, previstas no artigo 10 da Ley 912007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 3812003, xeral de subvencións
- Xustificantes de ingresos referidos a tódolos membros da unidade familiar:
  - \* Copia da declaración sobre o IRPF (imposto sobre a renda das persoas físicas) de tódolos membros da unidade de convivencia ou certificado da correspondente Delegación ou Administración de Facenda de non ter a obriga de presentala.
- 'Para aqueles membros da unidade familiar empregados: contrato de traballo e as últimas seis nóminas.
- Declaración xurada de que a vivenda para a que se solicita a axuda constitúe a vivenda habitual.
- . No caso de separación ou divorcio: Sentencia de separación ou divorcio e Convenio regulador, ou medidas paternofiliais.
- . No caso de desempregados, certificación do INEM das prestacións percibidas durante os 6 meses anteriores a data de presentación da solicitude ou certificación do INEM de non percepción de prestacións dos membros da unidade familiar maiores de 16 anos. Deberá solicitarse na oficina do INEM que lle corresponda.
- . No caso de pensionistas, certificación acreditativa das cantidades percibidas polo interesado nos 6 meses anteriores a data de presentación da solicitude. No caso de non percibir pensión e ser maior de 65 anos, certificación negativa de non percepción de pensión expedida pola Seguridade Social.
- . No caso de retornados, copia dos ingresos percibidos no estranxeiro dentro del período dos 6 meses anteriores a data da solicitude ou declaración xurada.
- . No suposto de empregada/os de fogar ou situacións asimiladas, escrito do empregador debidamente cumprimentado, segundo o modelo facilitado por EVISLUSA.
- No suposto de persoas empregadas: seis últimas nóminas.
- No suposto de arrendamento en vigor:

O contrato de arrendamento completo e vixente á data de presentación da solicitude.

Fotocopia dos seis últimos recibos da renda. No caso de vir incluídos no importe do aluguer

os gastos de comunidade, xustificante do Presidente da Comunidade ou xustificante do arrendador desglosando ambos conceptos.

Fotocopias dos últimos recibos de suministros de luz, agua e gas natural.

- No suposto de novo arrendamento:

Documento acreditativo do propietario ou administrador da vivenda que trámite o arrendamento no que consten os datos referentes o arrendador, ubicación da vivenda, o importe mensual ou anual da renda, sen incluír o importe da comunidade e os gastos que supoñería a formalización do contrato de aluguer.

- As persoas que padezan unha minusvalía presentarán fotocopia do certificado onde se recoñeza a mesma igual ou superior ó 33%.

- As mulleres vítimas de violencia de xénero deberán achegar a correspondente orde de protección ou resolución xudicial acreditativa desa condicións.

- Xustificación, se é o caso, da imposibilidade da utilización de vivenda en caso de ser titular de dereito de propiedade de vivenda no concello de Lugo e/ou ser titular de dereito real de uso e desfrute de vivenda.

- Outros documentos que se consideren necesarios.

CUARTO.- Que se proceda á publicación no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Lugo da presente resolución con indicación de que esta pon fin á vía administrativa, e de que contra ela poden interpoñer-se os seguintes recursos:

Recurso contencioso administrativo no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da recepción desta comunicación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo (artigo 8 da Lei 2911998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativo, modificada pola Lei Orgánica 1912003 de 23 de decembro), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Non obstante o anterior, e con carácter previo poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 3911991 de 26 de novembro ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase."

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que os interesados poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, no prazo de 20 DÍAS NATURAIS contados a partir do seguinte o da publicación deste anuncio no DIARIO OFICIAL DE GALICIA (DOGA). Estas tamén se insertarán no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Lugo, 27 de xullo de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DEPORTES, M<sup>a</sup> del Carmen Basadre Vázquez.

## Area de Economía e Emprego

## Inspección dos tributos

*Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana*

Constituída a Inspección para documentar os resultados da actuación inspectora unha vez rematado o prazo de trámite de audiencia sen que comparecera o interesado ou seu representante, en relación co concepto tributario arriba expresado, faise constar que se procedeu a incoar ACTAS DE DISCONFORMIDADE co seu correspondente informe ampliatorio, ós seguintes pasivos ou responsables tributarios que a continuación se relacionan ós efectos de ter a súa disposición nestas dependencias sitas nas oficinas municipais do Concello de Lugo, Ronda da Muralla 197, segundo andar, os expedientes correspondentes a ditas actas, ás que poderán facer as alegacións que consideren oportunas por un prazo de QUINCE DIAS a partires do décimo día contado dende o seguinte desta publicación.

ACTA	DATA	CONCEPTO FISCAL	INTERESADO	DEBIDA	XUROS	TOTAL
019890- 010012009	17/07/2009	COMPRAVENTA	000683885A - EMILIO EDUARDO FERNANDEZ-PIÑEYRO HERNANDEZ ÚLTIMO DOMICILIO: C/ BALBINA VALVERDE, 0011 01L - MADRID (28002 MADRID)	4.234,66 euros	986,07 euros	5.220,73 euros
019889- 010712009	17/07/2009	HERENCIA	034194435J - RAMIRO GOMEZ LOPEZ ÚLTIMO WVICILIO: RUA QUIROGA, 50-2º - LUGO (27004 LUGO)	274,32 euros	61,59 euros	335,91 euros

Rematado este prazo, se procederá no seguinte mes, a elevar a firmes ditas actas, poñéndose ó cobro as súas liquidacións.

Vº B) da Ilma. Sra. TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO, Sonia Méndez García.- O Inspector Xefe, Francisco Rivera Iglesias.

R. 04187

## MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio*

De conformidade co artigo 47 do Real Decreto Legislativo 212004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 9 da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos, a Xunta de Goberno Local do día 23 de xullo de 2009, aprobou o prezo público "VENDA DE LIBROS, IMPRESOS, PUBLICACIONES, POSTAIS, LAMINAS E OUTROS" redactado nos seguintes termos:

Artigo 1.- Obxecto: Ao amparo do artigo 47 do Real Decreto Legislativo 212004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 9 da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos, o Concello de Monforte de Lemos, establece o prezo público "VENDA DE LIBROS, IMPRESOS, PUBLICACIONES, POSTAIS, LAMINAS E OUTROS"

Artigo 2.- Obrigados ao pago: Estarán obrigados ao pago as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que adquiran os libros, impresos, publicacións, postais ou láminas

Artigo 3.- Obriga do pago: A obriga do pago do prezo público pola adquisición de libros, impresos, publicacións, postais ou láminas postos á venda nace no momento no que se adquiran os mesmos

## Artigo 3.- Contía dos prezos públicos:

- 1) Doce postais de 10 x 15 (cartafoi) 10 euros (ive incluído)
- 2) Seis modelos de láminas 48-68 cm 6 euros (ive incluído)

Artigo 4. Disposición adicional En todo aquilo no previsto neste prezo estarase ao previsto no Real Decreto Legislativo 212004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e a Ordenanza Xeral de Prezos Públicos.

Este prezo público entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia e será vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Monforte de Lemos, 24 de xullo de 2009.- O Alcalde, Severino Rodríguez Díaz.

R. 04247

## BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS NO EXERCICIO 2009

Dende a Concellaría de Cultura do Concello de Monforte de Lemos preténdese apoiar e incentivar a realización de festexos populares nas parroquias e barrios do Municipio.